

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2018**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO DO BNG:

Uxío Cerecedo González

GRUPO DO PP:

Ana Mª López Fernández

Alberto Balado Ramonde

José M. Pérez Lorenzo

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Alberto Iglesias Fraguela

Jonathan I. Miranda Lucas

Mª José Fraguela López

GRUPO MIXTO:

Antonio Nieto Llana

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día catro de outubro de dous mil dezaoto, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR: 10/08/2018**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA**
- 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DE LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS E RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DE CARIÑO**
- 4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO CONCELLO DE CARIÑO**
- 5.- INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DE FINCA URBANA NA R/ DR. SONEIRA DE CARIÑO**
- 6.- MOCIÓNS**

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 10/08/2018.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión anterior, de 10/08/2018, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Uxío Cerecedo González, por non asistir á mesma.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

O Pleno corporativo dáse por enterado dos Decretos da Alcaldía dende a última sesión ordinaria.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DE LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS E RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DE CARIÑO.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, de data 02/10/2018, que di:

“Visto o borrador da Ordenanza municipal de Limpeza de Espazos Públicos e Recollida de Residuos do Concello de Cariño.

Aberto o período de consulta pública no portal “Cariño Participa” dende o 30/08/2018 ao 14/09/2018, consta no certificado de Secretaría de data 20/09/2018, que non se realizaron suxestións ao respecto.

Vista a providencia de Alcaldía de data 20/09/2018 de inicio de procedemento.

Visto o informe de Secretaría de data 21/09/2018, e o informe de Intervención da mesma data.

Realizada a tramitación legalmente establecida, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por unanimidade dos membros presente, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de Limpeza de Espazos Públicos e Recollida de Residuos do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.*

SEGUNDO: *Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”*

O Alcalde explica que coa presente Ordenanza do que se trata é de ordear a recollida de espazos públicos, xa que hai unha Ordenanza antiga moi escueta, e tamén co obxecto de adaptala ao mundo actual.

Uxío Cerecedo comenta que no segundo borrador soamente se fai referencia ao medio urbano, e que lles parece un síntoma de que soamente se pensa no casco urbano, e non nas parroquias, á hora de legislar. Engade que botan en falta a compostaxe, e que non saben ata que punto se vai facer cumprir a

norma para evitar costumes como por exemplo tirar gabechas ao chan. Consideran, ademáis, necesarias campañas de conciliación positivas co obxecto de que a Ordenanza non soamente quede plasmada en papel.

Alberto Iglesias di que na Comisión Informativa se levaron un par de propostas de modificación por parte do BNG, e que se realizaron. Matiza que se necesita un regulamento para regular a recollida de voluminosos, xa que hai xente que abusa moito, que están a pagar todos un servizo que en certas situacións resulta abusivo.

O Alcalde comenta que se intentará facer cumprir a Ordenanza, que van a desenvolver unha campaña, sobre todo no caso dos cans, que consiste no reparto de palés ecolóxicos para repartir gratuitamente a todos os veciños, e que xa se fixo o ano pasado. Indica que se lle dará a esta Ordenanza difusión nas redes sociais municipais, e que se redactará un bando explicando o tema.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de Limpeza de Espazos Públicos e Recollida de Residuos do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO CONCELLO DE CARIÑO

Visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, de data 02/10/2018, que di:

“Visto o borrador da Ordenanza Reguladora da Publicidade no Exterior do Concello de Cariño.

Aberto o período de consulta pública no portal “Cariño Participa” dende o 30/08/2018 ao 14/09/2018, consta no certificado de Secretaría de data 20/09/2018, que non se realizaron suxestións ao respecto.

Vista a providencia de Alcaldía de data 20/09/2018 de inicio de procedemento.

Visto o informe de Secretaría de data 21/09/2018, e o informe de Intervención da mesma data.

Realizada a tramitación legalmente establecida, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por dous votos a favor do grupo municipal do PsdeGa-PSOE e dúas abstencións do BNG e Grupo Mixto, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da Publicidade no Exterior do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”.

O Alcalde explica que se trata de unha Ordenanza relacionada coa publicidade exterior e cartelería que se pode poñer na vía pública, recollendo unhas normas xerais para regular a publicidade.

Uxío Cerecedo comenta que lles xorden as mesmas dúbidas que na Comisión Informativa, que ven o problema do buzoneo, que a Ordenanza prohíbe que non se pode realizar o buzoneo do propio negocio, e que obriga a contratar unha empresa externa. E que isto non é de recibo.

Ana M^a López di que está de acordo con Uxío.

Alberto Iglesias explica que a a Ordenanza se pode modificar nese sentido, pero que entón que habería que modificar tamén outros puntos da mesma. Que se está presupunendo que un particular non o pode facer ben pero que unha empresa si, e que agora lle queren dar a volta. Engade que as empresas que veñen ao Concello que son fundacións, e que son as que realmente fan ben o traballo, e que os particulares realmente son os que manchan.

Uxío Cerecedo dalle as grazas por confiar nos particulares.

Alberto Iglesias di que el se refire a experiencia de todos os días, o que se percibe na rúa día a día.

Uxío Cerecedo dille que debería denunciar a todos os particulares que fagan iso.

Alberto Iglesias di que se se autoriza na Ordenanza que os particulares poidan repartir a súa propia publicidade, que resulta necesario eliminar un par de detalles máis na Ordenanza, que é se a empresa de reparto é responsable ou non .

Insiste Uxío Cerecedo que o responsable será quen poña a publicidade.

O Alcalde explica que nas cidades a quen se sanciona é ao anunciante, e que esa é a idea da presente Ordenanza.

Alberto Iglesias di que non se pode ir polos dous camiños, ou por un ou por outro.

Despois de debatir o tema, efectúase a seguinte proposta de modificación polos/as concelleiros/as: que se modifique a Ordenanza no sentido de que se sancione ao anunciante e que se permita que os veciños poidan repartir publicidade.

Con estas modificacións o Pleno Corporativo, por catro votos a favor do PSdeGA, 3 do PP, un do BNG e unha abstención do Grupo Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da Publicidade no Exterior do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

5.- INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DE FINCA URBANA NA R/ DR. SONEIRA DE CARIÑO

Vista a proposta da Alcaldía de data 27/09/2018, que di:

“Mediante Decreto Alcaldía 623/2017 de 29/12/2017, e previo expediente tramitado ao efecto, este Concello adquiriu o pleno dominio da finca ubicada na rúa Dr. Soneira de Cariño, con referencia catastral 0941022NJ9423N0001AW, inscrita no Rexistro da Propiedade de Ortigueira, tomo 351, libro 4, folio 209, finca nº 732 en data 19/04/1991, directamente e libre de cargas e gravames por importe de 40.791,31 euros, e coas seguintes características:

Ubicación	Cariño
Nome	Finca na R/ Dr. Soneira nº 32. Almacén en completo estado de ruina, cuberto de madeira e tella Parroquia: Cariño Municipio: Cariño (A Coruña)
Lindeiros	Norte: rúa Dr. Soneira Sur: Francisco Ramil Este: rúa Dr. Soneira Oeste: Jesús Manuel Docanto Abella, por onde ten luces e vistas sobre esta propiedade
Título	Escritura de protocolización d eoperación particionais, outorgada o 12/07/1991, baixo o nº 721 do seu protocolo
Inscrición rexistral	Inscrita no Rexistro da propiedade de Ortigueira, tomo 351, libro 4, folio 209, finca 732
Referencia catastral	941022NJ9423N0001AW
Superficie:	solo: 233 m2 construcción: 233 m2

Como consecuencia da adquisición do mencionado ben inmueble, faise necesaria a súa incorporación ao Inventario Municipal de Bens.

En base ao anterior, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Dar de alta no Inventario Municipal de Bens de este Concello a finca ubicada na rúa Dr. Soneira de Cariño, con referencia catastral 0941022NJ9423N0001AW, inscrita no Rexistro da Propiedade de Ortigueira, tomo 351, libro 4, folio 209, finca nº 732 segundo o cadro de características descrito con anterioridade.*

SEGUNDO: *Aprobar a modificación que a alta do citado ben supón no Inventario de Bens do Concello de Cariño, coa incorporación da correspondente ficha.*

TERCEIRO: *Instar a inscrición do inmueble no Rexistro da Propiedade, ao abeiro do disposto no artigo 206 da Lei Hipotecaria e artigo 303 do seu Regulamento”.*

O Alcalde explica que se trata de unha finca que o Concello adquiriu por razón de interese público, concretamente para evitar riscos de tráfico na zona e facer a rúa máis segura, e que agora se incorpora ao inventario municipal de bens.

Non suscitándose debate, o Pleno, por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

PRIMEIRO: *Dar de alta no Inventario Municipal de Bens de este Concello a finca ubicada na rúa Dr. Soneira de Cariño, con referencia catastral 0941022NJ9423N0001AW, inscrita no Rexistro da Propiedade de Ortigueira, tomo 351, libro 4, folio 209, finca nº 732 segundo o cadro de características descrito con anterioridade.*

SEGUNDO: *Aprobar a modificación que a alta do citado ben supón no Inventario de Bens do Concello de Cariño, coa incorporación da correspondente ficha.*

TERCEIRO: Instar a inscrición do inmovible no Rexistro da Propiedade, ao abeiro do disposto no artigo 206 da Lei Hipotecaria e artigo 303 do seu Regulamento.

6.- MOCIÓNS

6.1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG-PSOE INSTANDO Á CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CARIÑO A APOIAR A DECLARACIÓN DA DANZA DE ARCOS DE CARIÑO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL DE GALICIA (RE Nº 2.146, DE 02/10/2018).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Danza de Arcos de Cariño é unha danza tradicional encadrada dentro das chamadas danzas brancas (pola cor da súa vestimenta) ou danzas gremiais (pola súa vinculación a confrarías ou gremios tradicionais).

Existen diversas teorías sobre a orixe da Danza de Arcos de Cariño. Algúns autores relacionan a súa aparición coa tarefa do sarxento cariñés Uxío Pita durante a Guerra dos Sete anos, no ano 1762. Hai quen a vincula coa creación do Gremio de mariñeiros do Porto de Cariño no ano 1823, pola súa vinculación con este sector que continúa actualmente.

Outras fontes sinalan a posibilidade de que a orixe da Danza estea relacionada co establecemento de industriais cataláns na vila de Cariño, que terían traído con eles esta tradición da costa mediterránea. Unha terceira teoría relaciona a Danza cos emigrantes cariñeses en Cuba no século XIX, que á súa volta trouxeron con eles este baile.

Porén, a existencia de danzas semellantes en diversos portos da cornixa cantábrica (danzas de arcos asturianas, cántabras e vascas) e da costa atlántica galega (Betanzos, Muxía, Cee e Meaño entre outros) indícanos que é probable que a súa orixe sexa diferente e estea relacionada cun posible nexo cultural entre os portos. Esta é a orixe da Danza de Arcos de Camariñas, vila que recibiu a numerosos emigrantes cariñeses, que levaron a tradición da súa danza con eles a comezos do século XX. Os de Crisanto, os do Peitudo, Gervasio Martínez ou os do Canteiro transmitiron os seus pasos e figuras aos habitantes de Camariñas, que hoxe en día seguen executando esta danza.

A Danza de Arcos de Cariño é parte integrante da Confraría de Pescadores (antigo Gremio de Pescadores de Cariño) oficialmente desde o 2 de marzo de 1958 a petición dos afiliados.

A súa transcendencia converteuna nun símbolo da vila e da súa identidade propia, coa propia Danza convertida en representante de Cariño e dos seus habitantes. Así, máis aló da participación da Danza nos eventos importantes da vila, como a segregación histórica de Cariño do concello de Ortigueira en 1988, a Danza de Arcos ven participando en eventos en

Galicia, España e Europa en representación das xentes de Cariño. A Danza de Arcos de Cariño promove a inclusión de todas as persoas que desexen participar, sen ningún tipo de exclusións. A pesar de tratarse dunha danza tradicionalmente masculina, na actualidade integran o grupo da Danza de Arcos homes e mulleres de distintas idades cunha implicación igualitaria no fomento, valorización, visibilidade e transmisión da danza ás xeracións futuras.

*É por iso que o Grupo Municipal Socialista considerando que é fundamental poñer en valor na totalidade do territorio de Galicia esta tradicional manifestación cultural cariñesa, presenta esta **MOCION diante do Pleno da Corporación para que a totalidade das forzas políticas municipais apoiem a petición, diante da Xunta de Galicia, da declaración da Danza de Arcos de Cariño como Ben de Interese Cultural do Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia***

O Alcalde defende a moción indicando que a idea é defender o patrimonio municipal e facelo extensivo ao resto do país, garantizando a súa continuidade. Cre que é un tema que hai que exportar e defender.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros

ACORDA: que a totalidade das forzas políticas municipais apoiem a petición, diante da Xunta de Galicia, da declaración da Danza de Arcos de Cariño como Ben de Interese Cultural do Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia.

6.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG-PSOE INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE, MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARIL E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE (RE 2.147, DE 02/10/2018).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos estragos producidos polo xabaril que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, coma a vide ou a castaña.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os lumes, especialmente cando se abandonan as agras nas contornas das casas, onde deixan de facer as funcións dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, reptís, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo riscos zoonosanitarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonoses das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que queiran asegurarse ante este risco.

Estes ataques do xabarl teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabarís, un mamífero con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

*É por iso que o Grupo Municipal Socialista considerando que é preciso encarar esta problemática e buscar solucións acaídas, presenta esta **MOCION diante do Pleno da Corporación para que a Xunta de Galicia asuma a grave problemática dos danos da fauna salvaxe nas explotacións gandeiras e agrícolas e que se tomen os seguintes acordos de resolución:** O Pleno da corporación insta á Xunta de Galicia a:*

1. Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabarl e a súa distribución nas comarcas de Galicia.

2. Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un Plan de Xestión do xabarl, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandería, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.

3. Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.

4. Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos”.

Defende a moción o Alcalde, indica que esta moción non ten un carácter puntual, que se trata de algo no que xa se viña a traballar, e que se trata de unha moción que se está a presentar tamén en outros Concellos.

Uxío Cerecedo comenta que o seu grupo está de acordo, cre que se podía engadir máis cousas, por exemplo que se revisen as políticas de accións contra os xabarís, e que tamén a Xunta de Galicia atenda máis rapidamente á xente sofre danos destes animais.

A portavoz do PP comenta que dende a Xunta de Galicia fai anos que se toman medidas, que igual non son suficientes, e que ao mellor habería que pedir que se fagan máis batidas.

O Pleno Corporativo, por catro votos a favor do PSdeGA, 3 do PP, un do BNG e unha abstención do Grupo Mixto

ACORDA: Instar á Xunta de Galicia a:

- 1. Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.**
- 2. Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un Plan de Xestión do xabril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandaría, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.**
- 3. Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.**
- 4. Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.**

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Uxío Cerecedo comenta que existe unha discriminación no prezo da piscina para os xubilados do mar, xa que teñen que pagar.

Jonathan Miranda resposta que hai que falar con Intervención para que revise o tema.

A continuación realiza o seguinte ROGO: que se mire de meter nos plans de obras para facer máis accesibles moitas das rúas de Cariño.

O Alcalde explica que dende o goberno están a intentar ir por esa liña que comenta, e que xa se fixeron determinadas obras para facer accesibles certos puntos. Que queren seguir con esa liña, e que por exemplo o acceso ao paseo marítimo resulta pouco accesible.

Ana López comenta que xa fai dous anos que o reclamaban eles.

Uxío Cerecedo comenta que había rumores que se ía cambiar o colexio para o sitio do Instituto.

O Alcalde di que están en negociacións, que eles consideran que esa non é a ubicación correcta xa que está en dominio público, que se trata de unha competencia autonómica, que hai que falar coas tres partes e entenderse. Engade que no Plan Xeral esa zona está contemplada para uso, e que polo tanto, se pode facer a expropiación, e cren que o día de mañá o polideportivo tamén podería estar alí. Que o goberno central mostrou boa disposición, e que incluso lles comentan que asumirían a demolición do centro. Tamén comenta que a dirección do centro lles trasladou que lles gustaría que se fixera un novo centro.

Uxío Cerecedo pregunta se se avanzou algo no tema do centro de día.

O Alcalde resposta que se avanzou moito, que se fixo unha tasación dos danos por parte da Deputación, e posteriormente se realizou un procedemento de resolución do contrato coa actual empresa, que se lle enviou á administración concursal, dándosele un prazo para realizar alegacións, que non realizaron. Tamén se lle notificou ao bando que se procedería a incautar o aval, recuperándose de aval case 60.000 euros.

Que agora hai que facer un proxecto novo incorporando os danos, xa que a vía administrativa rematou e que lle quedan unhas semanas para rematar o prazo do contencioso-administrativo; e que a maiores, tamén se lle piden danos e prexuízos, que será difícil conseguir.

Uxío Cerecedo pregunta se hai planificacións futuras de obras de saneamento.

O alcalde explica que se van a acometer tres obras, tres aliviadoiros que están a funcionar e que se van a eliminar, xa que cren que determinados verquidos rematan na praia. E que por outro lado, tamén existe un río mal canalizado na rúa Menéndez Pidal, e que alí hai que realizar unha obra de saneamento.

Ana López, formula a seguinte PREGUNTA:

-Pregunta polos terreos para o cambio do colexio.

O alcalde comenta que son terreos que pertencen aos veciños, que o Concello alí ten propiedades pero que o Plan Xeral indica que se trata de unha zona deportiva-educativa, e que eses terreos están consignados para uso.

Ana López pregunta polas inversións para o colexio. O Alcalde resposta que quen ten que licitar a obra é a Xunta de Galicia pero que o ideal sería que existise colaboración entre as Administracións públicas.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo: José Miguel Alonso Pumar

Asdo: Alejandra Pardo Vázquez